

Resolución pola que se conceden subvencións ás aulas de 59 entidades locais que integran a Rede CeMIT que teñen a consideración de “aulas de referencia” para o exercicio 2026

Antecedentes

Primeiro.- O Goberno galego a través da Estratexia Galicia Dixital 2030, liderada pola Amtega e aprobada no Consello da Xunta de Galicia o 3 de decembro de 2020, ten entre os seus obxectivos acadar unha sociedade dixital e inclusiva, dotando ao conxunto da cidadanía da capacitación dixital necesaria para desenvolverse plenamente, con confianza e seguridade no contexto dixital.

Trátase dunha estratexia aliñada coas prioridades no novo marco europeo, que busca situar a Galicia como unha rexión de referencia en Europa, onde o uso das tecnoloxías dixitais contribúe a aumentar a calidade de vida e o desenvolvemento sostible nas súas tres vertentes: social, económica e medio ambiental.

Segundo.- Segundo o artigo 9 do estatuto da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia na redacción dada polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, a Amtega ten entre as súas competencias a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións e o deseño e liderado de iniciativas que contribúan a impulsar o desenvolvemento da Sociedade da información en Galicia, garantindo os dereitos dos cidadáns e eliminando as barreiras que se opoñan á expansión e ao uso das novas tecnoloxías.

Terceiro.- O Consello da Xunta de Galicia adoptou o 25 de febreiro de 2010, o Acordo para a posta en marcha da Rede de Centros para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica (Rede CeMIT).



En cumprimento das previsións recollidas no acordo mencionado, levouse a cabo a fase consistente na posta en marcha da Rede de Centros para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica (Rede CeMIT) coa finalidade de coordinar as actuacións das distintas aulas públicas de acceso a internet dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia dirixidas a acadar a alfabetización dixital da sociedade galega e o desenvolvemento da Sociedade da Información e que permitiu que a Rede teña actualmente presenza en 90 concellos, pertencentes a 52 comarcas.

Cuarto.- Unha vez rematada a fase de posta en marcha da Rede CeMIT e acadados a totalidade dos obxectivos perseguidos, desenvolveuse unha segunda fase de evolución do modelo actual a través da definición e posta en marcha do Plan de Inclusión Dixital de Galicia.

O Plan de Inclusión Dixital de Galicia, aprobado o día 21 de abril de 2016 en Consello de Xunta, asumiu o desafío establecido na Axenda Dixital de Galicia 2020 de avanzar da “alfabetización á autonomía dixital” impulsando un novo modelo de inclusión dixital, que integrou as accións para a alfabetización dixital con outras que permitiron a calquera persoa, independentemente do nivel dixital no que se atopase, avanzar, madurar e acceder a maiores niveis de coñecemento e uso das TIC, camiñando cara a innovación social dixital.

A esta liña de traballo déuselle continuidade no eixo estratéxico “Sociedade Dixital e Inclusiva”, da nova Estratexia Galicia Dixital 2030, que establece entre os seus obxectivos acadar unha sociedade dixital e inclusiva e que inclúe entre outros, programas que faciliten a adquisición de competencias dixitais á cidadanía para non deixar a ninguén atrás.

Ata día de hoxe, e con todas as medidas de inclusión dixital articuladas a través da Rede CeMIT destinadas a toda a sociedade galega, con especial atención naqueles colectivos tradicionalmente en risco de exclusión dixital por considerarse máis vulnerables á fenda dixital, logrouse:

- Fomentar a autonomía persoal, o envellecemento activo e a seguridade e confianza na rede mediante o uso das TIC para vertebrar e cohesionar socialmente



as contornas locais, e en especial as zonas rurais respecto ás urbanas, aumentar a accesibilidade a Internet, avanzar na alfabetización dixital, diminuír a fenda dixital de xénero e mellorar a empregabilidade e aumentar a calidade de vida da cidadanía.

- Promover os coñecementos e competencias dixitais para fomentar a empregabilidade dos cidadáns, grazas ao uso das TIC e promocionar a aprendizaxe permanente.
- Impulsar a promoción da innovación social dixital, a través da colaboración e participación da cidadanía, innovadores e comunidades, para xerar emprego local e novas oportunidades para emprendedores/as locais, vencelladas á innovación social dixital onde se resolverán retos sociais que melloren o benestar social.

Quinto.- Despois da execución do Plan de Inclusión Dixital de Galicia o modelo evoluciona nunha terceira fase a un novo Plan para o impulso da Inclusión, Capacitación e Talento Dixital de Galicia, DigiTalent 2030: Camiña en Dixital, aprobado polo Consello da Xunta o 2 de febreiro de 2023.

DigiTalent 2030: Camiña en Dixital fusiona o Plan de Inclusión Dixital de Galicia 2020 e o Plan DigiTalent 2020 nun único instrumento estratéxico e toma o seu relevo para enfocarse no horizonte 2030 coa misión de acadar unha sociedade máis autónoma dixitalmente que non deixe a ninguén atrás.

O novo plan alíñase co eixe estratéxico Sociedade Dixital e Inclusiva da Estratexia Galicia Dixital 2030 e está artellado en tres eixes estratéxicos: eliminar a fenda dixital, promover as competencias dixitais dos profesionais e impulsar as vocacións e o talento dixital avanzado en Galicia.

A Rede CeMIT é un dos instrumentos para a posta en marcha das medidas contempladas en cada un dos eixos do Plan, como a eliminación da fenda dixital en colectivos vulnerables, a inclusión dixital das persoas maiores, a certificación en Competencias Dixitais para a cidadanía ou o fomento das vocacións dixitais das persoas máis novas.



Sexto.- Tras a posta en marcha da Rede CeMIT foi preciso continuar traballando conxuntamente para acadar os obxectivos establecidos.

Así, o 15 de xaneiro de 2014 asinouse o convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para o desenvolvemento do Plan de Inclusión Dixital no eido da administración local, prorrogado mediante diversas addendas ata o ano 2018.

O 5 de febreiro de 2019 asinouse o “Convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) como entidade colaboradora na xestión de subvención e para o desenvolvemento do Plan de Inclusión Dixital no eido da Administración Local”, prorrogado mediante diversas addendas ata o ano 2022.

Sétimo.- O 1 de outubro de 2022 asinouse un novo “Convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para a xestión do Plan de reforma e ampliación da Rede de Aulas CeMIT. Cara a plena capacitación dixital da sociedade galega 2022-2025”. Este convenio enmárcase dentro das actuacións definidas na Estratexia Galicia Dixital 2030.

O devandito convenio foi modificado por cinco addendas para a adecuación de criterios e a modificación de prazos.

Oitavo.- Que o 26.12.2025 tivo lugar a Comisión de Seguimento do devandito convenio entre a Amtega e a Fegamp, na que se constatou que 56 aulas de referencia do ano 2025 cumpriron co nivel de actividade esixido para o mantemento da consideración de aula de referencia para o ano 2026. Así mesmo, indicouse que cinco aulas de referencia do ano 2025 non cumpriron co nivel de actividade esixido para o mantemento de tal condición, e confirmouse que catro aulas de non referencia cumpriron co nivel de actividade esixido para optar á condición de aula de referencia en 2026.



Noveno. - Que o 06.05.2026 tivo lugar a Comisión Extraordinaria de Seguimento do devandito convenio entre a Amtega e a Fegamp, na que se constatou que das cinco aulas de referencia que non cumpriron co nivel de actividade esixido para o mantemento de tal condición, so unha delas manterá dita condición por terse consideradas válidas as alegacións presentadas pola EELL, e confirmouse que dúas aulas de non referencia que cumpriron co nivel de actividade esixido para optar á condición de aula de referencia presentaron en tempo e forma a súa solicitude, polo que se confirma que contarán con tal condición en 2026. Por tanto, constatouse que 59 aulas contarán coa condición de aula de referencia en 2026.

Para a consideración de aula de referencia tívose en conta a cláusula segunda, apartado un, "Niveis de actividade e proceso para ser aula de referencia", do Convenio asinado o 1 de outubro de 2022 e a I Addenda ao devandito Convenio, asinada o 14 de decembro de 2022. Deste xeito, para a consideración de aula de referencia para o ano 2026, todas as entidades locais que teñan unha aula CeMIT considerada de referencia no 2025 deben acreditar que no ano 2025 mantiveron uns elevados niveis de actividade. Esta actividade considerouse no período de 12 meses que vai desde o 1 de decembro de 2024 ata o 30 de novembro de 2025, e que se incardina nalgún dos seguintes supostos:

- a) No caso dos municipios de 5.000 ou máis habitantes. Aulas que teñan un nivel de actividade, impartido e rexistrado ata o 30 de novembro, igual ou superior a 200 horas en actuacións de alfabetización, capacitación, talento e competencias dixitais (incluíndo cursos, charlas, titorías e prácticas de reforzo, exames ou actividades externas).
- b) No caso dos municipios de menos de 5.000 habitantes. Aulas que teñan un nivel de actividade, impartido e rexistrado antes do 30 de novembro, igual ou superior a 100 horas en actuacións de alfabetización, capacitación, talento e competencias dixitais (incluíndo cursos, charlas, titorías e prácticas de reforzo, exames ou actividades externas).



Décimo.- O 15 de abril de 2026 consta a rendición de contas correspondente ao ano 2024 para as 59 entidades locais que actualmente contan con aula de referencia para 2026, de conformidade co artigo 4, do Decreto 193/2011, do 6 de outubro.

Décimo primeiro.- Neste contexto resulta necesario, co fin do seu interese público, continuar coa actividade desenvolvida polas aulas de referencia da Rede CeMIT durante o exercicio 2026.

Consideracións legais e técnicas

Primeira.- A presente resolución rexeráse por:

-A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

-Normativa básica da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da devandita lei.

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

- Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, modificado polos Decretos 149/2014, do 20 de novembro e 9/2021, do 21 de xaneiro.

- Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

Segunda.- O artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia contempla un procedemento de concesión directa de subvencións. No apartado 2 sinala que "As propostas de acordo ou resolución de concesión, ou o instrumento do convenio que se autorice a subscribir, deberán de axustarse ás previsións



contidas na presente lei, salvo no que afecte á aplicación dos principios de publicidade e concorrência, e conterán como mínimo os seguintes extremos:

a) Definición do obxecto das subvencións, con indicación do carácter singular das mesmas e as razóns que acreditan o interese público, social, económico ou humanitario e aquelas que xustifican a dificultade da súa convocatoria pública.

b) Réxime xurídico aplicable.

c) Beneficiarios e modalidades de axuda.

d) Réxime de xustificación da aplicación dada ás subvencións polos beneficiarios e, no seu caso, entidades colaboradoras.

Terceira.- No Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, desenvolve a previsión contida no artigo 26 da Lei 9/2007 e no artigo 36, apartado c) dispón que poderán concederse de forma directa as seguintes subvencións: c) con carácter excepcional, aquelas outra subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

No artigo 40 dispónse, con relación ás Subvencións de concesión directa en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública, o seguinte:

1. A concesión directa de subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública poderá instrumentarse a través de resolución ou convenio que, en todo caso, deberán axustarse ás previsións contidas na Lei de subvencións de Galicia, salvo no que afecte á aplicación dos principios de publicidade e concorrência, e conterán como mínimo os seguintes extremos:



a) Definición do obxecto das subvencións, con indicación do seu carácter singular e as razóns que acreditan o interese público, social, económico ou humanitario ou aquelas que xustifican a dificultade da súa convocatoria pública.

b) Beneficiarios e modalidades de axuda.

c) Crédito orzamentario ao que se imputa o gasto e a contía da subvención, individualizada, se é o caso, para cada beneficiario se fosen varios.

d) Compatibilidade ou incompatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

e) Prazos e modos de pago da subvención, posibilidade de efectuar pagos anticipados e abonos a conta, así como o réxime de garantías que, de acordo co disposto neste regulamento, deberán achegar os beneficiarios.

f) Prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario e, no seu caso, da entidade colaboradora do cumprimento da finalidade para a cal se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos percibidos.

g) Obrigación do reintegro, total ou parcial, da subvención ou da axuda pública percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

h) Obrigación do beneficiario de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

2. O expediente incluírá, como mínimo, os seguintes documentos:

a) Unha memoria, na que se xustifique claramente e de maneira detallada, as razóns que acreditan o interese público, social, económico ou humanitario, ou outras que xustifiquen a dificultade da súa convocatoria pública e o seu carácter excepcional.



b) Os informes previstos no artigo 18º.2 do presente regulamento. Con todo, estes informes non serán esixibles ás subvencións que se concedan mediante resolución e que non superen as contías ás que se refire o punto 4 deste artigo.

c) As propostas de acordo ou resolución de concesión, ou o instrumento do convenio que autorice a subscribir.

3. Cando a subvención sexa concedida mediante convenio e o importe sexa superior a 150.000 euros ou teña carácter plurianual, a aprobación do convenio requirirá a autorización previa do Consello da Xunta de Galicia.

4. Cando a subvención sexa concedida mediante resolución e a súa contía supere o importe de 6.010 euros por beneficiario e ano, ou as concedidas por cada departamento da Administración autonómica excedan globalmente de 60.100 euros no exercicio, a aprobación da resolución requirirá de autorización previa polo Consello da Xunta de Galicia. Os importes anteriores elevaranse a 12.000 euros e 120.300 euros, respectivamente, para o servizo correspondente á Secretaría Xeral da Presidencia.

Cuarta.- Con relación ao carácter singular e as razóns que acreditan o interese público, social e económico, así como a imposibilidade da súa convocatoria pública destas axudas, radican na necesidade de continuar coa actividade a desenvolver polas aulas de referencia da Rede CeMIT durante o exercicio 2026.

O recoñecemento da condición de aulas de referencia realizase tendo en conta a cláusula segunda, apartado un, "Niveis de actividade e proceso para ser aula de referencia", do Convenio asinado o 1 de outubro de 2022 e a I Addenda ao devandito Convenio, asinada o 14 de decembro de 2022. Deste xeito, a avaliación do nivel de actividade fundaméntase nas aulas que integran a Rede CeMIT e que acreditan que no ano inmediatamente anterior mantiveron uns elevados niveis de actividade. Esta actividade no ano inmediatamente anterior considerarase no período de 12 meses que vai desde o 1 de decembro de dous anos antes ata o 30 de novembro do ano inmediatamente anterior, e que se incardina nalgún dos seguintes supostos:



- a) No caso dos municipios de 5.000 ou máis habitantes. Aulas que teñan un nivel de actividade, impartido e rexistrado ata o 30 de novembro, igual ou superior a 200 horas en actuacións de alfabetización, capacitación, talento e competencias dixitais (incluíndo cursos, charlas, titorías e prácticas de reforzo, exames ou actividades externas).
- b) No caso dos municipios de menos de 5.000 habitantes. Aulas que teñan un nivel de actividade, impartido e rexistrado antes do 30 de novembro, igual ou superior a 100 horas en actuacións de alfabetización, capacitación, talento e competencias dixitais (incluíndo cursos, charlas, titorías e prácticas de reforzo, exames ou actividades externas).

Tras a posta en marcha do Marco Galego de Competencias Dixitais, a actividade das aulas deberá incluír formación que conduza á certificación en competencias dixitais.

A efectos de avaliación do nivel de actividade da aula de referencia, XEA configúrase como a ferramenta de xestión da Rede CeMIT, na que obrigatoriamente se deben rexistrar as actividades planificadas e realizadas nas aulas (cursos, charlas, titorías e prácticas de reforzo, exames, actividades externas e, na medida en que a ferramenta o permita, a formación relacionada co Marco Galego de Competencias Dixitais) así como os usuarios/as de cada unha das actividades. Teranse en conta, exclusivamente, as actuacións cunha asistencia mínima de 3 participantes que acaden un nivel mínimo de asistencia do 80%. E no caso das titorías e prácticas de reforzo será suficiente 1 participante.

Así, o 15 de abril de 2026 constátase a rendición de contas de conformidade co artigo 4, do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, de 59 entidades locais que teñen recoñecida a condición de aula de referencia para o ano 2026. Co fin do seu interese público, social e económico é necesario continuar coa actividade de referencia, o que ten como obxecto a concesión desta subvención a estas entidades locais con aulas de referencia da Rede CeMIT, que cumpren coas súas obrigas de conformidade co Decreto 193/2011, do 6 de outubro e que se recollen como Anexo I a esta Resolución.



Quinta.- Baseándose no disposto no artigo 40.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, o Consello da Xunta do pasado día 29 de xuño de 2026 autorizou con carácter previo a aprobación desta Resolución, tal e como consta no certificado emitido polo Secretario do Consello da Xunta.

Don Damián Rey Rodríguez, director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, actuando en nome e representación da dita Axencia, en virtude das facultades conferidas polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, modificado polos Decretos 149/2014, do 20 de novembro e 9/2021, do 21 de xaneiro, e o Decreto 149/2022, do 1 de setembro, polo que se nomea director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

RESOLVO:

Primeiro.- Conceder unha subvención ás entidades locais que se recollen no anexo I a esta resolución para o desenvolvemento das actuacións que en materia de inclusión dixital realicen as entidades locais con aulas de referencia da rede CeMIT.

O importe máximo subvencionable para cada unha das entidades locais é o seguinte:

- Municipios de 5.000 ou máis habitantes: 15.000 €
- Municipios de menos de 5.000 habitantes: 7.251 €

A Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), como entidade colaboradora, actuará en nome e por conta da Amtega para todos os efectos relacionados coa presente subvención. En particular, colaborará na xestión da subvención e na entrega e distribución dos fondos públicos aos beneficiarios.



Segundo.- Considéranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido dende o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026. En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Con carácter xeral, considerarase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local.

As entidades locais poderán subcontratar a totalidade da actividade obxecto desta subvención.

Enténdese que unha entidade local subcontrata cando concerta con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constitúa o obxecto desta subvención. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir a entidade local para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

En ningún caso poderán subcontratarse actividades que, aumentando o custo da actividade subvencionada, non aporten valor engadido ao contido da mesma.

Sen prexuízo do anterior, deberase aplicar o disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Terceiro.- A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia financiará as actuacións que en materia de inclusión dixital realicen as entidades locais con aulas de referencia ata un importe máximo **722.271,00 €** con cargo á partida orzamentaria **10.A1.571A.460.0** dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

Cuarto.- O financiamento por parte da Amtega das actuacións obxecto desta subvención será compatible con outras axudas establecidas por outra Administración Pública, organismo ou ente público ou privado, nacional ou internacional para o mesmo fin.



Quinto.- As entidades locais interesadas, con carácter previo á emisión desta resolución, achegan a seguinte documentación:

- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Declaración xurada na que conste o compromiso de cumprimento das obrigas contempladas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen prexuízo do disposto no Artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Sexto.- Pagamento e forma de xustificación.

Para proceder ao pagamento ás entidades locais con aula de referencia será necesaria a execución polos mesmos da actividade subvencionada e a presentación antes da finalización de cada trimestre, ante a Federación Galega de Municipios e Provincias, da seguinte documentación xustificativa:

- Solicitud de pagamento.
- Memoria das actividades realizadas, resultados obtidos e os datos e incidencias máis salientables habidos na súa execución.
- Conta xustificativa na que se conteña:
 - Certificación expedida pola Secretaría da entidade local, co visto e praxe do/a alcalde/sa ou presidente/a, en que se faga constar, como mínimo, de forma detallada, o seguinte:

- O cumprimento da finalidade da subvención.
- Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa



seguinte relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.

- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes así como dos entes privados. Nesta declaración, se é o caso, deberá figurar unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que houberen financiado a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

- Declaración responsable relativa á titularidade da conta onde se debe realizar o pagamento, en que conste a razón social e NIF, así como o código de banco, código de sucursal, dígito control e código de conta corrente.

- No caso de estar exento do imposto sobre o valor engadido (IVE), documentación acreditativa da mencionada exención.

- Calquera outra documentación ou material que o beneficiario considere necesario presentar para unha mellor xustificación das actuacións obxecto do presente convenio.

A FEGAMP remitirá á Amtega, nos primeiros quince días do trimestre seguinte ao vencido obxecto da xustificación, a documentación anterior para a súa revisión e comprobación por parte da Área de Sociedade Dixital da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

O pagamento da FEGAMP ás entidades locais realizarase previo informe de conformidade da Área de Sociedade Dixital da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia. A FEGAMP deberá de remitir á Amtega os xustificantes bancarios coa acreditación efectiva do pagamento ás entidades locais.

En todo caso, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia resérvase o dereito de solicitar ás entidades locais toda a documentación que se considere



precisa en relación coa realización das actuacións obxecto do presente convenio e calquera outra que estime oportuna para a correcta xustificación do gasto e o seu pagamento.

Será requisito para a obtención da subvención que as entidades locais cumpran co deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio.

En todo caso, as entidades locais terán a obriga de reintegrar os fondos percibidos en caso da non execución da actividade subvencionada ou incumprimento das condicións ou requisitos determinantes para o outorgamento das subvencións.

Sétimo.- A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia comprobará o cumprimento e a efectividade das condicións ou requisitos determinantes para o outorgamento das subvencións, así coma a revisión da documentación xustificativa da realización das actividades e o cumprimento da finalidade que determine o desfrute da subvención.

As entidades locais están obrigadas a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Oitavo.- Procederá a obriga de reintegro, total ou parcial, da subvención no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión e segundo o disposto nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Noveno.- Segundo o disposto no artigo 13 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia formalizará un Convenio de Colaboración coa Federación Galega de Municipios e Provincias no que se recollerán as condicións e obrigas asumidas por esta con relación á súa consideración de entidade colaboradora na xestión destas subvencións.



Décimo.- De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, esta resolución e a información sobre a subvención serán comunicadas á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

De conformidade co disposto no artigo 4 da Lei 1/2016 as entidades locais subvencionadas a través desta resolución están obrigadas, previo requirimento, a subministrar toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas de transparencia da actividade pública, prevéndose multas coercitivas, artigo 4.4 da citada Lei, no caso do incumprimento desta obriga.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Administración autonómica publicará o texto íntegro desta Resolución.

Décimo primeiro.- Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da dirección da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo competente, no prazo de dous (2) meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

Damián Rey Rodríguez



ANEXO I - Aulas de referencia

Uds	NIF	Provincia	Entidade local	Poboación a 01/01/202 4 (INE)	Importe subvencionabl e 2026
1	P1500100A	A Coruña	ABEGONDO	5.678	15.000,00 €
2	P1500200I	A Coruña	AMES	33.202	15.000,00 €
3	P1500400E	A Coruña	ARES	6.263	15.000,00 €
4	P1500900D	A Coruña	BETANZOS	13.622	15.000,00 €
5	P1501100J	A Coruña	BOIRO	18.824	15.000,00 €
6	P1501300F	A Coruña	BRIÓN	8.045	15.000,00 €
7	P1501900C	A Coruña	CARBALLO	32.112	15.000,00 €
8	P1502400C	A Coruña	CERCEDA	5.136	15.000,00 €
9	P1503800C	A Coruña	FISTERRA	4.781	7.251,00 €
10	P1505500G	A Coruña	NARÓN	40.111	15.000,00 €
11	P1506100E	A Coruña	OROSO	7.807	15.000,00 €
12	P1506200C	A Coruña	ORTIGUEIRA	5.349	15.000,00 €
13	P1506600D	A Coruña	PADRÓN	8.562	15.000,00 €
14	P1507000F	A Coruña	PONTEDEUME	7.387	15.000,00 €
15	P1507100D	A Coruña	PONTES DE GARCIA RODRIGUEZ, AS	9.732	15.000,00 €
16	P1507400H	A Coruña	RIBEIRA	26.897	15.000,00 €
17	P1507600C	A Coruña	SADA	17.658	15.000,00 €
18	P1507700A	A Coruña	SAN SADURNIÑO	2.726	7.251,00 €
19	P1509100B	A Coruña	VILASANTAR	1.306	7.251,00 €
20	P1509300H	A Coruña	VIMIANZO	6.688	15.000,00 €
21	P1503000J	A Coruña	A CORUÑA	252.167	15.000,00 €
22	P1507800I	A Coruña	SANTA COMBA	9.461	15.000,00 €
23	P1507900G	A Coruña	SANTIAGO DE COMPOSTELA	101.855	15.000,00 €
24	P2700500H	Lugo	BARREIROS	3.117	7.251,00 €
25	P2700900J	Lugo	CARBALLEDO	1.977	7.251,00 €
26	P2702200C	Lugo	GUIRIZ	5.164	15.000,00 €
27	P2703200B	Lugo	MONTERROSO	4.042	7.251,00 €
28	P2705000D	Lugo	QUIROGA	3.059	7.251,00 €
29	P2705400F	Lugo	RIOTORTO	1.161	7.251,00 €
30	P2705700I	Lugo	SARRIA	13.783	15.000,00 €
31	P2706400E	Lugo	VICEDO, O	1.502	7.251,00 €
32	P3200700G	Ourense	BANDE	1.468	7.251,00 €
33	P3201000A	Ourense	BARCO DE VALDEORRAS, O	13.363	15.000,00 €
34	P3201200G	Ourense	BEARIZ	900	7.251,00 €
35	P3201400C	Ourense	BOBORÁS	2.120	7.251,00 €
36	P3201500J	Ourense	BOLA, A	1.140	7.251,00 €
37	P3202300D	Ourense	CASTRELO DE MIÑO	1.269	7.251,00 €
38	P3202400B	Ourense	CASTRO CALDELAS	1.221	7.251,00 €
39	P3202500I	Ourense	CELANOVA	5.665	15.000,00 €
40	P3204100F	Ourense	LEIRO	1.559	7.251,00 €
41	P3207900F	Ourense	SARREAU	1.119	7.251,00 €
42	P3209100A	Ourense	VILAR DE SANTOS	800	7.251,00 €
43	P3600700C	Pontevedra	CAMPO LAMEIRO, O	1.655	7.251,00 €
44	P3600900I	Pontevedra	CANIZA, A	5.006	15.000,00 €
45	P3601000G	Pontevedra	CATOIRA	3.231	7.251,00 €
46	P3601500F	Pontevedra	CUNTIS	4.447	7.251,00 €
47	P3601700B	Pontevedra	ESTRADA, A	20.019	15.000,00 €
48	P3602300J	Pontevedra	GUARDA, A	10.017	15.000,00 €
49	P3602400H	Pontevedra	LALÍN	20.107	15.000,00 €
50	P3602600C	Pontevedra	MARÍN	23.996	15.000,00 €





51	P3602900G	Pontevedra	MOAÑA	19.300	15.000,00 €
52	P3600000H	Pontevedra	PONTEVEDRA	83.264	15.000,00 €
53	P3603900F	Pontevedra	PORRIÑO, O	20.945	15.000,00 €
54	P3604100B	Pontevedra	POIO	17.532	15.000,00 €
55	P3604500C	Pontevedra	REDONDELA	28.949	15.000,00 €
56	P3605400E	Pontevedra	TOMIÑO	13.905	15.000,00 €
57	P3605600J	Pontevedra	VALGA	5.911	15.000,00 €
58	P3605700H	Pontevedra	VIGO	296.630	15.000,00 €
59	P3606000B	Pontevedra	VILAGARCÍA DE AROUSA	37.951	15.000,00 €
Total					722.271,00 €

